

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 26 DE MAIO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a implantación de actuacións de racionalización e simplificación administrativa.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas locais de saneamento, abastecemento e rede viaria no concello de Barreiros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio interadministrativo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o organismo autónomo Augas de Galicia para a explotación das redes de control de substancias perigosas en augas continentais superficiais e en augas costeiras e de transición por importe de 430.500,00 euros.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) a establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a solicitante da achega de garantías reais suficientes na concesión de avais por importe máximo conxunto de dez millóns cincocentos trinta e seis mil douscentos sesenta euros (10.536.260 euros), a Factoría Naval de Marín, SL. Expedientes n.º AV/0748, AV/0749, AV/0750, AV/0751, AV/0752, AV/0753, AV/0754, AV/0755 e AV/0756.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio marco de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a definición e posta en práctica das actuacións recollidas no Plan de Acción 2008-2012 (PAE4+) da estratexia de

---

aforro e eficiencia enerxética no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de tres millóns setecentos noventa e seis mil douscentos cincuenta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (3.796.259,55 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión loxística para o Servizo Galego de Saúde, por importe de noventa e oito millóns centro trinta mil setecentos un euros con corenta e dous céntimos (98.130.701, 42 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura, para a achega e distribución de crédito para a adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas, por un importe total de un millón douscentos setenta e dous mil seiscentos euros (1.272.600 euros).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer, na Orde pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación da oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, anticipos superiores ao 10% do importe da subvención e a establecer compromisos de gastos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Contía total de trinta millóns cincocentos mil euros (30.500.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, as centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores de Galicia, Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, Confederación Intersindical Galega e a Confederación de Empresarios de Galicia, para o desenvolvemento de actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais, cunha contía de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 euros), e a establecer pagamentos anticipados en contía superior á sinalada no

---

artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar á ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 31 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Importe total: un millón novecientos cincuenta e sete mil trinta e un euros con setenta e oito céntimos (1.957.031,78 euros).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión, C.T., R.B.T. O MALLO sobre o que cualifica os montes veciñais en man común Viascón e Tenorio pertencentes ás comunidades de Viascón e Tenorio no concello de Cotobade, Pontevedra. Lonxitude total de afección: 755 qm.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de resolución, por mutuo acordo, do contrato do servizo de operatividade e mantemento dos helicópteros da Consellería do Mar adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia, asinado o 31-03-2010 entre a Consellería do Mar e a empresa UTE INAER HELICÓPTEROS OFF SHORE, S.A./HISPACOPTER, S.L., con NIF: U85913606.
- Acordo polo que se declara de interese público de primeira orde a acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia.

---

## A XUNTA REDUCIRÁ AS CARGAS ADMINISTRATIVAS A CIDADÁNS E EMPRESAS PARA MELLORAR A ECONOMÍA GALEGA

- *Estímase que a presentación telemática de solicitudes para un procedemento administrativo ofrecería ao solicitante un aforro de 75 euros, fronte á súa versión presencial*
- *Calquera departamento que queira poñer en marcha un procedemento dixital que acceda ao DOG deberá priorizar a simplificación e redución dos trámites*

A Xunta habilitará antes de que remate o ano -e de xeito gradual- a presentación por vía electrónica das solicitudes para iniciar os procedementos administrativos ante a Administración autonómica. Con esta medida os cidadáns e empresas que o desexen poderán iniciar a súa tramitación desde os seus domicilios ou oficinas, sen necesidade de acudir aos rexistros autonómicos e co consecuente aforro de tempo e recursos.

O obxectivo do Goberno galego é contribuír á dinamización da actividade empresarial na Comunidade, eliminando obstáculos na súa xestión diaria e mellorando a produtividade e competitividade dos principais sectores económicos.

Así o decidiu esta mañá o Consello da Xunta, que aprobou un acordo en que se establece a posta en marcha na Administración autonómica galega do método de medición e redución de cargas administrativas. Este método é un sistema adoptado polas administracións públicas españolas segundo as recomendacións da Unión Europea e pretende reducir este tipo de cargas en torno ao 25-30% para o ano 2012.

### **Medición e redución de cargas administrativas**

Para a medición das cargas administrativas aplícase unha metodoloxía denominada modelo de custos estándar (MCE), que pretende cuantificar en euros os aforros que lles supoñen a empresas e emprendedores as modificacións normativas que introduzan redución das cargas administrativas que teñen que soportar na tramitación dos procedementos.

O método proporciona os elementos para a identificación das cargas, así como os mecanismos que permiten reducilas. Así, considera cargas aquelas actividades que teñen que levar a cabo as empresas para cumprir coas obrigas derivadas da normativa, tales como solicitudes e renovacións de autorizacións, licenzas e permisos; comunicación de datos e presentación de documentos; inscrición, baixa ou modificación nun rexistro, entre outras.

---

Ademais, tamén establece mecanismos de redución de cargas administrativas que se basean nos seguintes presupostos: reducir a frecuencia, evitar redundancias, automatización, adecuación, priorización, actualización e información.

A medición das cargas administrativas exprésase en euros e termos anuais e calcúlase multiplicando o custo unitario de cumprir a carga, a frecuencia anual con que debe realizarse e a poboación que debe cumprir coa carga.

### **Orde de habilitación dos procedementos administrativos**

Con este obxectivo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza vai publicar proximamente unha orde de habilitación dos procedementos administrativos, pola cal toda norma que regule un procedemento que acceda ao DOG deberá identificar a redución de trámites -obligatorios e voluntarios- que se lle esixen a un cidadán ou a unha empresa.

Esta iniciativa está encamiñada á modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos; propicia a redución de trámites e cargas burocráticas; facilita a relación entre os cidadáns e a Administración, contribúe a reducir os custos administrativos das actividades empresariais e axuda a mellorar a competitividade das empresas e estimular o seu desenvolvemento.

Ademais, preténdese conseguir o máximo grao de achegamento da Administración á cidadanía, para o que se intenta potenciar, como instrumento idóneo, a Guía de procedementos e servizos dispoñible na web da Xunta de Galicia, caracterizada pola calidade da información en condicións de exactitude, veracidade, axilidade, seguridade xurídica, actualización permanente e vixencia.

En definitiva, esta orde trata de reforzar a homoxeneización dos procedementos administrativos, fomentar a mellora na regulación normativa aplicando criterios de simplificación e reforzar a guía do cidadán como a relación veraz de procedementos e servizos que presta a Administración pública.

### **Normalización de formularios e presentación en rexistro electrónico**

O modelo de redución de cargas administrativas identifica a presentación como un dos puntos máis críticos onde se pode axilizar, simplificar e reducir a carga administrativa para a empresa ou o cidadán.

Por esta razón, de xeito paralelo ás liñas de desenvolvemento progresivo da tramitación electrónica integral -establecidas no plan de modernización-, abórdase a adecuación do rexistro electrónico para favorecer a presentación telemática na

---

meirande parte dos procedementos administrativos, mediante os formularios normalizados que se presentan na guía de trámites e servizos ou “Guía do cidadán”.

A guía de procedementos e servizos dispón ata o de agora dunha relación de 1.800 procedementos aproximadamente, dos cales uns 120 se poden presentar on line.

O método simplificado de cálculo de cargas administrativas estima un custo unitario de 80 euros por acto de presentación presencial, fronte aos 5 euros estimados na presentación electrónica.

No eido das axudas e subvencións, que son a relación máis frecuente entre empresas, cidadáns e Xunta de Galicia (estas supuxeron o ano pasado uns 300.000 expedientes), estímase que un 30% xa se pode presentar de xeito telemático. Presentándose un 50% dos restantes expedientes de subvencións que se inician anualmente de maneira telemática, suporía un aforro duns 7.875.000 euros no conxunto da xestión administrativa.

---

## O CONSELLO APROBA DEFINITIVAMENTE O PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS

- *Cúmprese a promesa avanzada polo conselleiro de Medio Ambiente no mes de marzo, despois de que Costas do Estado emitise o seu informe favorable*
- *En virtude do convenio interadministrativo asinado entre Xunta, Concello de Barreiros e Deputación Provincial de Lugo, proporcionaráselles aos veciños servizos básicos de saneamento e depuración*
- *O convenio suscrito para afrontar as infraestruturas fixa un investimento de 14,1 millóns, dos cales o concello se fará cargo de algo máis do 50% (cantidade que será achegada polos promotores), a Deputación de Lugo participará con cerca do 10% e a Xunta co 40% restante*
- *Unha vez aprobado definitivamente o plan sectorial, o Concello de Barreiros procederá a tramitar os proxectos sectoriais que o desenvolverán*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan sectorial de carácter supramunicipal para o Concello de Barreiros, tal e como anunciara en marzo o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, cando avanzou que tan só quedaba pendente recibir un informe favorable de Costas do Estado. Este documento entrará en vigor un día despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Desde a Xunta deféndese que o plan sectorial é o instrumento máis adecuado para canalizar o convenio suscrito entre a Xunta, o Concello de Barreiros e a Deputación Provincial de Lugo, para dotar o solo dos núcleos urbanos das infraestruturas que o fagan apto a curto prazo para servir de soporte da edificación residencial proxectada.

A insuficiencia nas redes de saneamento e depuración de augas residuais, na rede de abastecemento de auga potable ou na potencia na subministración de enerxía eléctrica determinaron que o Consello da Xunta de Galicia por Decreto 15/2007, do 1 de febreiro, suspendese a vixencia das Normas subsidiarias de Barreiros e aprobase unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun novo planeamento plenamente acomodado á actual lexislación.

Co obxectivo de acadar unha saída a esta situación, hai pouco máis dun ano (20 de abril de 2010) asinouse un convenio de colaboración interadministrativa entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para colaborar activamente e de forma conxunta na superación do escenario de incerteza observado no concello de Barreiros, desde o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do

---

territorio e a cohesión social da poboación nos catro núcleos urbanos delimitados neste concello: San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante.

Para afrontar as infraestruturas obxecto do convenio comprometeuse un investimento de 14,1 millóns de euros, dos cales o Concello se fará cargo de algo máis do 50% (cantidade que será achegada na súa totalidade polos promotores), a Deputación Provincial de Lugo participará con cerca dun 10% e a Xunta achegará o 40% restante.

### **Melloras**

Con este convenio procederase á urbanización, abastecemento, saneamento e rede viaria dos núcleos urbanos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante.

Unha vez aprobado definitivamente, o plan sectorial permite a tramitación por parte do Concello de Barreiros, dos proxectos sectoriais que o desenvolverán. Cando os ditos proxectos estean aprobados definitivamente polo Consello da Xunta, poderán comezarse a executar as obras de urbanización correspondentes.

### **Situación Barreiros**

Barreiros contaba cunhas normas subsidiarias aprobadas en outubro de 1994, polo que non están adaptadas á lexislación urbanística vixente e non establecen distinción entre as categorías do solo urbano consolidado e non consolidado.

A grande actividade edificatoria dos últimos anos e a insuficiencia de servizos nos núcleos urbanos (redes de saneamento e depuración de augas residuais, abastecemento de auga, potencia na subministración de enerxía eléctrica) determinaron que o Consello da Xunta de Galicia -por Decreto 15/2007, do 1 de febreiro- suspendese a vixencia desas normas subsidiarias e aprobase unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun PXOM acorde coa lexislación vixente.

### **Colaboración cos concellos**

A Xunta de Galicia é consciente de que a realidade de Barreiros foi unha situación con que se atopou o actual Goberno, pero da que xa era coñecedora o Goberno anterior, que iniciou os primeiros pasos coa elaboración dun convenio que fá na mesma dirección que o que promoveu este Goberno.

O Goberno galego seguirá a colaborar cos concellos na resolución das súas necesidades e problemas máis urxentes, sempre dentro da legalidade e do respecto á normativa que en cada momento sexa de aplicación.



---

A situación do Concello de Barreiros non é única. A Xunta de Galicia colabora con concellos de toda Galicia para achegar solucións e proporcionarlles aos veciños os servizos básicos para o desenvolvemento da súa vida diaria.

---

## **A XUNTA INCREMENTARÁ NUN 30% OS PUNTOS DE CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS CONTINENTAIS E COSTEIRAS, QUE SERÁN ANALIZADAS NO LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA**

- *O investimento da Consellería de Medio Ambiente neste proxecto ascende a máis de 1 millón de euros nos vindeiros dous anos*
- *Estas medidas enmárcanse dentro das actuacións que prevé o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa para o control e seguimento do estado das augas*

A Xunta de Galicia obterá un diagnóstico máis detallado da calidade das augas continentais e costeiras grazas ao incremento nun 31% do número de estacións de control, ao pasar de 97 estacións ás 127 nos vindeiros dous anos. O Goberno galego pretende establecer deste xeito un control máis exhaustivo e rigoroso das substancias perigosas e do estado químico das augas, en cumprimento da Directiva marco da auga.

Ademais, a Xunta encomendaralle o traballo de análise ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG), dependente da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que se constitúe deste xeito na referencia autonómica en materia de calidade de augas, ademais de favorecer a eficiencia administrativa a través do aproveitamento de estruturas existentes.

As tarefas previstas neste convenio servirán de apoio en dous ámbitos concretos do programa de control que leva a cabo Augas de Galicia. Na denominada “rede de vixilancia” efectuarase a toma de mostra en auga nos seguintes puntos:

- Augas costeiras e de transición: 90 puntos de control.
- Augas continentais superficiais (ríos e encoros): 37 puntos de control

Ademais, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia tamén se encargará das análises da denominada “rede operativa”, constituída por aqueles puntos en que se detectaron incumprimentos de determinadas substancias perigosas.

As accións consistirán na análise e interpretación dos resultados obtidos en mostras de auga. Analizaranse as substancias necesarias para a valoración do estado químico das augas superficiais. Os puntos de control estarán situados naquelas zonas que se consideren representativas da masa de auga.

O convenio polo que o LMAG se fará cargo das analíticas ten unha duración de dous anos e conta cun investimento de 430.000 euros. Ademais, a Administración hidráulica ten en marcha un proceso de licitación para a explotación e mantemento

---

desta rede de puntos de control das augas continentais e costeiras, por importe de case 600.000 mil euros, polo que o investimento da Xunta na vixilancia da calidade das augas ascende a máis de 1 millón de euros nos vindeiros dous anos.

Estas medidas enmárcanse dentro das actuacións que recolle o Plan Hidrolóxico Galicia Costa para o control e seguimento do estado das augas. O dito plan está en tramitación, tendo xa rematada a consulta pública e en fase de incorporar as alegacións recibidas. O seu obxectivo é acadar o bo estado ecolóxico das augas e os traballos obxecto deste convenio son fundamentais para facerlle un seguimento á calidade das augas en Galicia.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA CONCEDE AVAIS POR IMPORTE DE 10,5 MILLÓNS PARA GARANTIR OS PAGAMENTOS AOS PROVEDORES DA FACTORÍA NAVAL DE MARÍN

- *Os avais garanten operacións financeiras que superan os 15 millóns de euros e están destinados a financiar o pagamento a provedores do estaleiro de Marín, segundo os compromisos asumidos no plan de viabilidade*
- *As operacións permitirá culminar o desenvolvemento do plan e asegurar o futuro das empresas auxiliares e do estaleiro*

A Consellería de Economía e Industria concederá a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) avais por importe de 10,5 millóns de euros para apoiar operacións financeiras que suman máis de 15 millóns de euros e que están destinados a financiar o pagamento a provedores e auxiliares da Factoría Naval de Marín, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta.

A autorización destes avais culmina a habilitación dos instrumentos financeiros comprometidos hai meses pola Xunta de Galicia para facilitar o desenvolvemento total do plan de viabilidade da Factoría Naval de Marín, destinado a facilitar a continuidade do estaleiro, con 75 postos de traballo directos, e das máis de 350 empresas proveedoras.

Mediante as operacións financeiras facilitadas mediante estes avais –xunto con outras operacións xa formalizadas e as achegas a través de Xesgalicia- as empresas proveedoras da Factoría Naval de Marín poderán anticipar o cobramento de parte das débedas aprazadas e aliviar as tensións de tesouraría a que están expostas. En conxunto, a Xunta de Galicia mobilizou máis de 22 millóns de euros para despexar o futuro da Factoría Naval de Marín.

A través da Consellería de Economía e Industria, a Xunta de Galicia tomou a iniciativa desde o primeiro momento para garantir a viabilidade da Factoría Naval de Marín e das empresas auxiliares. Durante o pasado verán, a Administración galega impulsou a sinatura dun acordo marco de financiamento para garantir a actividade do estaleiro de Marín e procurar que se manteñan os postos de traballo na industria auxiliar facilitando os pagamentos a provedores.

O mencionado acordo entre as partes –propiedade, empresas auxiliares e entidades financeiras- requiriu un importante compromiso financeiro da Consellería de Economía e Industria a través do Igape e de Xesgalicia, que agora avanza de xeito definitivo na súa concreción a través dos avais autorizados polo Consello da Xunta. Estas operacións de aval están chamadas a supor un paso definitivo cara á recuperación do

---

estaleiro e á estabilización da súa importante industria auxiliar.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante.

---

## A XUNTA POTENCIARÁ CON 3,8 MILLÓNS DE EUROS MEDIDAS DE EFICIENCIA NO MARCO DO PLAN DE IMPULSO Á CONTRATACION DE SERVIZOS ENERXÉTICOS EN GALICIA

- ***O obxectivo deste programa é conseguir un aforro nas instalacións obxecto de estudo mediante a aplicación de pautas de aforro e de introdución de sistemas de enerxías renovables que garantan unha redución do 20% do consumo, baixo a modalidade de contratos realizados polas ESE, tratando así de dinamizar o mercado correspondente a este tipo de empresas***
- ***O IDAE achegará o 15% do investimento elixible para cada un dos proxectos de aforro que leve adiante o Inega***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha addenda por importe de preto de 3,8 millóns de euros ao convenio marco de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito a Economía e Industria, e o IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía) mediante a que se regula o modo en que se aplicará o orzamento do IDAE destinado ás liñas de apoio económico previstas dentro do Plan de Impulso á Contratación de Servizos Enerxéticos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo deste plan, de ámbito nacional e aplicación autonómica, é conseguir un aforro nos denominados centros consumidores de enerxía, isto é, nas instalacións obxecto de estudo, mediante a aplicación de medidas de eficiencia enerxética e de introdución de sistemas de enerxías renovables que garantan un aforro do 20% respecto ao consumo actual, baixo a modalidade de contratos realizados por empresas de servizos enerxéticos (ESE).

Con base na devandita addenda, o IDAE transferirá ao Inega o 15% do investimento elixible de cada un dos proxectos de aforro e eficiencia que levará adiante o Instituto adscrito ao departamento que dirixe Javier Guerra. O resto do orzamento, necesario para levar adiante as ditas actuacións, será achegado polas ESE.

Deste xeito, con este plan tamén se trata de dinamizar o mercado deste tipo de empresas que se caracterizan por basear a súa rendibilidade en función das melloras de eficiencia enerxética alcanzadas e do cumprimento dos requisitos de rendemento determinados no contrato inicial. A licitación destes proxectos comezará durante o ano 2011 e continuará durante o 2012. O período de execución depende das medidas adoptadas, pero será de un a dous anos.

O esquema de actuacións para este plan é o seguinte: en primeiro lugar identifícanse os centros consumidores de enerxía e a continuación realízanse os contratos de cada

---

un deses centros mediante unha ESE en que se recolle a proposta de eficiencia enerxética (por exemplo, para a redución da demanda enerxética de calefacción e refrixeración, para o aproveitamento das enerxías renovables como a solar térmica ou a biomasa ou para a substitución de luminarias por outras de maior eficiencia, etc.). Posteriormente, as ESE terán que poñer en práctica as devanditas medidas. Finalmente farase un seguimento dos aforros enerxéticos e de produción térmica por medio de fontes renovables.

---

## A XUNTA LICITARÁ O SERVIZO LOXÍSTICO INTEGRAL DO SERGAS POR 98 MILLÓNS DE EUROS

- *Permitirá un aforro potencial de preto de 200 millóns de euros en dez anos, relacionados con aspectos como a diminución de superficie de almacéns*
- *Acadaranse distintas melloras, como minimizar o valor do stock, racionalizar o volume das existencias, controlar as caducidades nos almacéns dos puntos de consumo e medir e mellorar a calidade do servizo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación dun servizo loxístico integral para o Servizo Galego de Saúde que ten como obxectivo mellorar a eficiencia operativa na xestión de almacenaxe, da distribución e do aprovisionamento, e reducir os custos e o valor dos *stocks* mediante o control dos movementos dos materiais ata o seu consumo. O orzamento de licitación é de 98.130.701,42 euros, distribuídos en 11 anualidades.

Esta plataforma loxística é un proxecto fundamental para acometer a redución dos custos de funcionamento do Sergas e poder así liberar recursos para facer fronte a un contexto economicamente complicado.

O servizo loxístico integral incluírá os procesos de almacenaxe, preparación de pedidos e subministración a punto final de consumo de material funxible sanitario e non sanitario. Suporá, entre outros, a xestión da operativa, a construción da plataforma e a adecuación dos almacéns dos centros sanitarios; e abranguerá a xestión de diferentes tipos de materiais como farmacia, material cirúrxico, laboratorio, implantes e próteses, osteosíntese, ortopedia, lenzaría e outros materiais como o de limpeza, oficina, etc.

A súa creación permitirá acadar un aforro potencial de preto de 200 millóns de euros en dez anos, relacionados con aspectos como a diminución de superficie de almacéns. A estes se sumaranse, ademais, outros aforros, como os derivados de non ter almacéns nos diferentes centros ou das compras centralizadas.

### **Xestión dos recursos rigorosa e eficiente**

Un dos principais obxectivos da Estratexia Sergas 2014 é xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente, promovendo a austeridade na xestión dos servizos e na definición de estruturas organizativas e aplicando o máximo rigor na toma de decisións. Búscase a eficiencia en todas as áreas de actividade, incluíndo aquelas de soporte, como é a xestión da cadea de subministración, desde as compras ata a chegada do produto ao destinatario final.



---

Para isto, estanse a realizar actuacións encamiñadas a conseguir unha redución dos custos por volume de compra, unha mellora na xestión loxística, unha racionalización do catálogo de referencias, unha maior transparencia e competitividade entre provedores, unha redución do número de expedientes de contratación e unha diminución do *stock* de produtos almacenados (xa que cun incremento da rotación se axustan as cantidades subministradas nos diferentes puntos de distribución finais ás necesidades reais de cada centro).

A actividade loxística no eido sanitario está caracterizada pola variabilidade no conxunto dos elementos a distribuír e pola crecente importancia económica dos *stocks* nos diferentes centros sanitarios. O Sergas ten actualmente 14 hospitais e 7 xerencias de Atención Primaria, en cada un dos cales existe un servizo loxístico que garante a subministración de mercadorías e cuxa amplitude depende das fases do ciclo loxístico que abrangue, é dicir, pode abarcar desde a mera custodia da mercadoría nun almacén ata o servizo de distribución a un punto final de consumo.

Polo tanto, a actividade loxística realízase dun xeito heteroxéneo dentro do Sergas, cunha gran diversidade nos diferentes servizos loxísticos de cada un dos centros asistenciais, o que provoca que non se poidan acadar os obxectivos de calidade e de eficiencia económica desexados.

Así, co servizo loxístico integral obteranse distintas melloras, como minimizar o valor do *stock* e racionalizar o volume das existencias, controlar as caducidades nos almacéns dos puntos de consumo, unificar os parámetros de xestión da actividade loxística, medir e mellorar a calidade do servizo e optimizar a superficie dispoñible nos centros sanitarios.

---

## A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS EN COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE CULTURA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración para a adquisición de fondos bibliográficos. O investimento destinarase á adquisición de novidades editoriais para as bibliotecas nodais e á compra de libros en galego, que se repartirán entre os 240 centros que forman a Rede de Bibliotecas de Galicia.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos e o Ministerio de Cultura para a adquisición e distribución de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas por un importe de 1.272.600 euros, dos cales cada Administración achegará 636.300 euros.

A contía deste convenio investirase a través de dúas liñas de acción. Dunha banda, destinarase para a adquisición de novidades editoriais para as bibliotecas nodais (Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), centros xestionados pola Consellería de Cultura e Turismo e cabeceiras da rede de bibliotecas de Galicia nas súas zonas de influencia. A segunda liña de acción centrarase na compra de libros en galego para a súa repartición na Rede de Bibliotecas de Galicia (un total de 240 bibliotecas beneficiarias), co fin de dotar as bibliotecas de coleccións actualizadas deste tipo de obras e así potenciar a lectura en lingua galega.

A Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos ten entre os seus obxectivos o de coñecer os hábitos lectores, controlar a situación e os recursos humanos e materiais da Rede de Bibliotecas de Galicia, e establecer liñas de actuación que supoñan un avance na equiparación cos índices medios europeos de libros por habitante no ámbito da nosa Comunidade Autónoma. A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura son conscientes da necesidade de colaborar de forma conxunta en proxectos destinados á protección e mellora das bibliotecas públicas, entidades prestadoras de acceso á información e á cultura, por este motivo dotaranse e actualizaranse os fondos bibliográficos de Galicia.

Dentro destas liñas de actuación, a Consellería participa no Plan de Fomento da Lectura do Ministerio de Cultura para a mellora das coleccións das bibliotecas públicas a través de convenios de colaboración anuais que teñen por obxecto a adquisición e dotación de fondos bibliográficos. Deste xeito, o obxecto do convenio é a adquisición de fondos bibliográficos para a Rede de Bibliotecas de Galicia e a distribución farase atendendo a criterios de poboación e adecuando o tamaño da

---

colección aos usuarios potenciais dos puntos de servizo, priorizando o crecemento das coleccións das bibliotecas situadas en núcleos urbanos.

---

## MÁIS DE 43.000 TRABALLADORES PODERÁN BENEFICIARSE DE PRETO DE 1.700 ACCIÓNS FORMATIVAS

- *O orzamento desta iniciativa ascende aos 30,5 millóns de euros, o que supón un aumento de 1,5 millóns con respecto á convocatoria anterior*
- *O obxectivo é proporcionarles ás persoas traballadoras a formación necesaria que poidan precisar ao longo da súa vida laboral, de xeito que teñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requerimentos que precisen as empresas*
- *O alumnado participante poderá optar a distintas axudas: por asistencia; de transporte, manutención e aloxamento; e de conciliación*
- *Ata o momento, Traballo xa publicou outra orde destinada á formación para ocupados, dotada con 7,8 millóns de euros*
- *Pola súa banda, a orde de formación para desempregados conta cun investimento que supera os 69 millóns de euros*

A Consellería de Traballo e Benestar formará máis de 43.000 traballadores e traballadoras galegos -5.000 beneficiarios máis que na convocatoria anterior- a través de preto de 1.700 accións formativas, que se desenvolverán entre este ano e o primeiro cuadrimestre de 2012. Para poñer en marcha esta actuación, o Goberno galego investirá un total de 30,5 millóns de euros, o que supón un aumento de 1,5 millóns con respecto ao orzamento destinado a esta mesma convocatoria no ano pasado.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria destas subvencións, que contan co cofinanciamento do Fondo Social Europeo. O obxectivo é proporcionarles ás persoas traballadoras a formación necesaria que poidan precisar ao longo da súa vida laboral, de xeito que teñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requerimentos que precisen as empresas. Deste xeito, permítese mellorar a competitividade das empresas, ao tempo que se mellora a capacitación profesional e a promoción individual do traballador.

Ás accións formativas poderán optar os traballadores asalariados que presten os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais que cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional; os fixos e discontinuos, nos períodos de non ocupación; os que accedan a unha situación de desemprego cando se encontren en período formativo; os traballadores acollidos á regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado; os incluídos nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional; e as persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas e entidades de economía social.

---

Ademais, tamén poderán acceder a estes cursos as persoas traballadores desempregadas, cun límite máximo dun 40 por cento, e un mínimo do 20 por cento, do total de participantes de cada plan. As persoas coidadoras non profesionais poderán participar na formación de oferta sectorial de referencia na atención aos dependentes.

Cabe destacar que, co fin de garantir o acceso das persoas con maior dificultade de inserción no mercado de traballo, terán prioridade as persoas traballadoras de pequenas e medianas empresas; as mulleres; os afectados e vítimas do terrorismo e da violencia de xénero; os maiores de 45 anos; as persoas traballadoras con baixa cualificación; e as persoas con discapacidade.

Ademais, a orde de axudas establece tamén distintos tipos de bolsas e axudas ao alumnado que tome parte nas accións formativas. Deste xeito, os participantes poderán optar a subvencións por asistencia (os alumnos con algún tipo de discapacidade ou os demandantes que teñan elaborado un itinerario personalizado de inserción e que non sexan perceptores de prestacións por parte do Servizo Público de Emprego Estatal); a axudas de transporte, manutención e aloxamento; e, por último, poderán tamén acceder a axudas para a conciliación.

Cabe destacar que esta orde se suma a outras ordes que xa publicou a Consellería de Traballo e Benestar en materia de formación. Así, xa se fixo pública unha orde destinada a ocupados, dotada con 7,8 millóns de euros.

Pola súa banda, a orde de formación para desempregados conta cun investimento que supera os 69 millóns de euros.

---

## TRABALLO PROMOVE CON 450.000 EUROS AS ACTIVIDADES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- ***O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a CEG e os sindicatos UGT-Galicia, CCOO Galicia e CIG***
- ***As actividades que se van financiar son as accións de información e formación en prevención de riscos laborais***
- ***Os principais beneficiarios son os delegados de prevención, membros dos comités de seguridade e saúde, empresarios que asumen a organización preventiva e, en xeral, traballadores e empresarios da Comunidade***

A Xunta promoverá, a través dun financiamento de 450.000 euros, as actividades en materia de prevención de riscos laborais entre patronal e sindicatos. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e os sindicatos UGT-Galicia, CCOO Galicia e CIG.

En concreto, este convenio establecerá as condicións que rexerán a colaboración entre o departamento autonómico e as organizacións asinantes. As actividades que se van financiar a través desta ferramenta serán aquelas accións de información e formación centradas en prevención de riscos laborais.

Os beneficiarios destas actuacións serán, principalmente, os delegados de prevención, membros dos comités de seguridade e saúde, empresarios que asumen persoalmente a organización preventiva e traballadores designados para este fin, e en xeral, traballadores e empresarios de Galicia.

Así, entre as actividades formativas que se poderán realizar ao abeiro deste convenio inclúese a realización de xornadas técnicas, seminarios e cursos monográficos de prevención de riscos laborais cunha duración mínima de 6, 5 e 10 horas, respectivamente. Tamén se subvencionan cursos de prevención de riscos laborais de nivel básico de 30 a 50 horas, nos cales se lles entregará aos asistentes un certificado de asistencia conforme o modelo que establece o convenio.

Ademais, o acordo recolle tamén axudas a actividades formativas presentadas por cada unha das organizacións asinantes.

O fomento da prevención de riscos laborais é unhas das liñas a que a Consellería de Traballo e Benestar está dando prioridade. Proba deste compromiso é o Plan de Actividades 2011 do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), órgano

---

en que teñen presenza cualificada a CEG, UGT, CCOO e a CIG. A través deste plan estanse a desenvolver importantes actuacións en materia de prevención de riscos laborais. Entre elas, considéranse prioritarias a atención aos riscos psicosociais, as accións para a redución dos sobreesforzos polo seu elevado índice de sinistralidade, a investigación das enfermidades profesionais e o apoio ás pemes, micropemes e traballadores autónomos.

---

## TRABALLO DESTINA 9,2 MILLÓNS A ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO QUE BENEFICIARÁN PRETO DE 200 ENTIDADES

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación en 1,95 millóns de euros do crédito previsto para 2011 e 2012*
- *Trátase dunha medida activa de emprego dirixida á mellora da capacidade de inserción laboral das persoas desempregadas a través da información e a orientación profesional personalizada*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará preto de 9,2 millóns de euros para a concesión de axudas e subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca do emprego (accións IOBE) para os anos 2011 e 2012. O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a ampliación en 1,95 millóns de euros do crédito previsto para os dous anos.

A orde do 31 de decembro de 2010 ten como obxectivo o establecemento dun sistema de orientación laboral baseado en accións de información, orientación e busca activa do emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego.

O Goberno galego prevé que máis de 180 entidades se poidan beneficiar destas axudas. Trátase dunha medida activa de emprego dirixida á mellora da capacidade de inserción laboral das persoas desempregadas a través da información e a orientación profesional personalizada, no marco das directrices de emprego da Unión Europea e dos plans nacionais de acción para o emprego.

Estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego mediante itinerarios personalizados de inserción ocupacional para mellorar as posibilidades de incorporación ao mercado laboral dos demandantes do Servizo Público de Emprego.

En concreto, o departamento que dirixe Beatriz Mato subvenciona os custos de persoal das entidades colaboradoras externas que acheguen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo as devanditas actuacións.

A medida enmárcase no exercicio das competencias transferidas á Xunta de Galicia en materia de formación para o emprego e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral. O prazo previsto das accións subvencionadas



---

abrange ata o 31 de xaneiro de 2012 cun orzamento de preto de 9,2 millóns de euros.

Co financiamento destas accións en materia de orientación, a Consellería busca facilitar a inserción e reincorporación laboral dos desempregados, ademais de favorecer a súa mobilidade profesional no mercado de traballo e dar apoio para que os destinatarios tomen as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades formativas. De feito é unha das medidas incluídas nas políticas activas de emprego deste departamento.

Tamén se procura mellorar a empregabilidade dos traballadores e desenvolver o espírito emprendedor e as iniciativas de autoemprego. Traballo e Benestar pretende potenciar, ademais, unha participación activa no procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

---

## APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ELECTRIFICACIÓN EN MONTES DE COTOBADE

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende terreos dos montes veciñais en man común das comunidades de Viascón e Tenorio, neste municipio pontevedrés***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de prestación do servizo de electrificación sobre o que cualifica os montes veciñais en man común Viascón e Tenorio, pertencentes ás comunidades homónimas no concello pontevedrés de Cotobade.

O acordo de prevalencia comprende terreos dos ditos montes veciñais en man común, cunha lonxitude total de afección de 755 metros.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo deste, propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

---

## MAR AFORRARÁ ARREDOR DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS COA REFORMULACIÓN DO CONTRATO DE OPERATIVIDADE DOS HELICÓPTEROS DO SERVIZO DE GARDACOSTAS

- ***A modificación do acordo manterá intacta a prestación do servizo, xa que a costa galega continúa cuberta as 24 horas os 365 días do ano co mesmo número de profesionais***

A Consellería do Mar aforrará arredor de 2,7 euros anuais co novo contrato do servizo de operatividade e mantemento dos helicópteros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia. O Consello da Xunta deu luz verde á resolución do actual contrato entre o departamento que dirixe Rosa Quintana e a empresa UTE INAER Helicópteros Off Shore, S.S./Hispacopter, S.L, ao considerar necesaria esta modificación para acadar máis operatividade e eficacia no servizo de salvamento marítimo, que Mar considera de especial importancia.

A Consellería resolveu o actual contrato coa empresa, de mutuo acordo, e articulará un novo sistema ou procedemento de prestación deste servizo público, que ten unha relevancia singular dentro das competencias desta consellería. Así, o novo contrato será mixto de servizo e venda coa empresa adxudicataria e consistirá na prestación do servizo de operatividade e mantemento das dúas aeronaves *-Pesca I e Pesca II-* coa obriga, por parte da empresa que resulte adxudicataria, non só de utilizar os helicópteros, senón de adquirilos con pagamento diferido ao longo da duración do contrato, que será de 5 anos.

Esta modalidade traerá consigo un importante aforro anual para as arcas públicas. Co novo contrato, as aeronaves quedarán á disposición da Consellería do Mar e para uso exclusivo desta. Deste xeito, Mar garante que os dous helicópteros de salvamento do Servizo de Gardacostas estarán sempre operativos, as 24 horas do día durante todo o ano, tal e como recollía o contrato anterior. As tripulacións continuarán coas súas quendas de xeito que sempre haxa efectivos preparados para saír inmediatamente ante posibles incidencias. Cabe lembrar que o departamento que dirixe Rosa Quintana ampliou o cadro de persoal de pilotos, pasando de 8 a 18 profesionais, e o de rescatadores, de dous a nove.

En abril de 2009 foi adxudicado o último contrato para a prestación deste servizo e o contrato abarcaba dúas anualidades a razón de 7.500.000 euros ao ano.

---

## A XUNTA DECLARA DE INTERESE PÚBLICO DE PRIMEIRA ORDE A ACUICULTURA EN GALICIA

- ***O obxectivo desta medida, que implica apoio público preferente a esta actividade, é impulsar o seu valor en Galicia seguindo as directrices da Unión Europea***
- ***Este apoio preferente prevé a necesaria articulación dun marco normativo e administrativo de desenvolvemento máis áxil e que proporcione seguridade xurídica***
- ***Tamén busca continuar coa atención e impulso á formación e aos labores de I+D+i neste ámbito e impulsar a diferenciación e identificación nos mercados dos produtos desta actividade***

A Xunta declara de interese público de primeira orde a acuicultura en Galicia. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta co obxectivo de determinar a importancia desta actividade para Galicia, impulsar o seu valor e integrala na senda do futuro seguindo as directrices da Unión Europea. Esta declaración implica o apoio público preferente á acuicultura, que se desenvolverá de maneira sustentable nos ámbitos ambientais, económicos e sociais e supón un paso máis para desbloquear a parálise en que se encontraba esta actividade en Galicia.

Este apoio preferente prevé a necesaria articulación dun marco normativo e administrativo de desenvolvemento máis áxil e que proporcione un marco xurídico que dea firmeza aos investimentos empresariais. Neste sentido, para acadar a regularización definitiva da acuicultura, a Xunta traballa intensamente no Plan Director de Acuicultura de Galicia. Ademais, a través deste apoio darase continuidade á atención e impulso á formación e aos labores de I+D+i, mediante a diversificación de cultivos e especies, a mellora dos cultivos existentes, a busca de avances tecnolóxicos e o impulso á formación. O impulso da integración dos produtos xerados nas cadeas comerciais e de transformación, potenciando a súa diferenciación e identificación nos mercados é outro dos aspectos que complementa esta atención prioritaria á acuicultura.

Con esta medida búscase impulsar o emprego e a produción para atender os mercados internos europeos e a demanda de produtos mariños. Así, e tendo en conta a preocupación da UE polo escaso desenvolvemento da acuicultura, tamén se pretende que Galicia conserve e afiance o seu lugar punteiro en materia acuícola.

A Xunta procedeu a esta declaración tendo en conta o marco xeral produtivo e laboral da actividade marítimo-pesqueira e acuícola nos seus contextos mundiais e europeos e a súa afectación sobre a actividade desenvolvida en Galicia. Tamén tivo en

---

consideración as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que a acuicultura posúe a nivel galego e que estudou a través da realización dunha análise DAFO.